



# Universidade de Vigo

## Campus de Ourense

# Licenciatura en HISTORIA

## HUMANIDADES

### LICENCIATURA EN HISTORIA

Encadrada na Área de Humanidades, a Licenciatura en Historia analiza a evolución da humanidade ao longo do tempo nos seus distintos ámbitos. A análise histórica das distintas sociedades que nos precederon permite unha mellor comprensión da realidade do noso tempo. A formación que nela se acada, co tratamento de textos e materiais do pasado, a súa interpretación e discusión, confírelles aos titulados unha gran versatilidade de cara á súa incorporación ao mercado laboral.

A titulación de Historia impártese na Universidade de Vigo, Campus de Ourense, desde 1990, e é a única titulación que ofrece a Facultade de Historia. Entre as calidades ou vantaxes que presenta a titulación de Historia que se imparte na Universidade de Vigo poden destacarse:

- A importancia que teñen as materias de Historia da arte e de Xeografía no seu plan de estudos.
- O desenvolvemento dunha docencia adaptada ao Espazo Europeo de Educación Superior.
- O reducido número de estudantes nas aulas, que permite un trato personalizado e un seguimento pormenorizado da traxectoria do estudantado por parte do profesorado.
- Un programa de prácticas que, en resposta ás necesidades das distintas materias, inclúe prácticas de campo, de arquivo e saídas de estudos, con visitas a exposicións temporais, museos, xacementos arqueolóxicos, monumentos histórico-artísticos, espazos naturais de especial interese etc.
- Un espazo docente adaptado ás actuais necesidades pedagóxicas e que permite a utilización das novas tecnoloxías nas aulas e laboratorios docentes.
- A disposición dunha aula de informática con conexión a internet ao servizo do alumnado da Facultade.
- A facilidade para acadar bolsas que permitan realizar estadias noutras universidades españolas e europeas (programas Sócrates-Erasmus e Séneca).

## ESTRUTURA

Ensinanza de dous ciclos: 1º e 2º ciclo cunha duración de cinco anos. Non se esixe realizar proxecto de fin de carreira.

## MERCADO DE TRABALLO

Ata hai dez ou quince anos as principais posibilidades laborais dos licenciados/as en Historia vinculábanse esencialmente ao ensino medio e, en menor medida, aos museos, bibliotecas, arquivos e universidades. Na actualidade persisten estas saídas tradicionais, pero abriuse considerablemente o abano de posibilidades profesionais, pero moitas delas relacionadas coa iniciativa privada, en que desenvolven actividades relacionadas coa cultura, co patrimonio de todo tipo (arqueolóxico, artístico, documental, natural etc.) e, en xeral, con todo resto do pasado.

## ACCESO

Para cursar os estudos de Historia o único requisito imprescindible é a superación das probas de selectividade.

### PRIMEIRO CICLO

#### Primeiro curso

Disciplinas	Tipo	Créditos
Prehistoria I	T	7.5
Prehistoria II	T	6
Historia antiga I	T	7.5
Historia antiga II	T	6
Historia medieval universal	T	9
Historia da arte medieval	O	6
Historia da arte moderna	O	6
Xeografía física	O	6
Xeografía humana	O	6

#### Segundo curso

Disciplinas	Tipo	Créditos
Historia moderna universal	T	9
Historia contemporánea universal	T	9
Historia medieval de España	T	9
Prehistoria de Galicia	O	6
Historia antiga de Galicia	O	6
Historia da arte contemporánea	O	6
Espazos e sociedades	O	6
Optativa xeral de 1º ciclo (unha materia)	O	6
Libre elección	LE	6

#### Terceiro curso

Disciplinas	Tipo	Créditos
Historia moderna de España	T	9
Historia contemporánea de España	T	9
Historia medieval de Galicia	O	9
Historia moderna de Galicia	O	6
Historia contemporánea de Galicia	O	6
Optativa xeral de 1º ciclo (dúas materias)	O	6
Libre elección	LE	6

